

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

BANDA

(G. Profesional)

Departamento de Conxunto

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



Índice

OBXECTIVOS XERAIS	3
Banda 1º Curso.....	3
Obxectivos	3
Banda 2º Curso.....	4
Obxectivos	4
Banda 3º Curso.....	4
Obxectivos	4
Banda 4º Curso.....	5
Obxectivos	5
Banda 5º Curso.....	5
Obxectivos	5
Banda 6º Curso.....	6
Obxectivos	6
Contidos:.....	6
ACTIVIDADES	7
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	7
ALUMNADO CON DISCAPACIDADE	8
OBXECTIVOS MÍNIMOS	9
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO POLA PERDA DA AVALIACIÓN CONTÍNUA.....	9
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.....	9
Probas extraordinarias de setembro.....	9
PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL (EXCEPTO 1º)	10
ANEXO I	11



GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS XERAIS

- Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras que rexen a actividade musical de conxunto, e aceptar a responsabilidade que, como membro dun grupo, se contrae coa música e cos compañeiros.
- Asimilar como propias as pautas de comportamento que implica o feito de realizar unha actividade musical.
- Participar na planificación e realización en equipo de actividades bandais, valorando as aportacións propias e alleas, en función dos obxectivos establecidos, mostrando unha actitude flexible, colaboradora e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.
- Desenvolver o equilibrio psicológico necesario para integrarse de forma absoluta no conxunto e no traballo de equipo.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

Banda 1º Curso

Obxectivos

- Valorar a práctica bandística como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a formación íntegra do intérprete.
- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exixencias do repertorio traballado.
- Desenvolver a lectura a vista, co fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio sinfónico universal.
- Adquirir un hábito de estudo individual previo á clase que permita un aproveitamento efectivo do tempo lectivo.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.



Banda 2º Curso

Obxectivos

- Valorar a práctica bandística como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a formación íntegra do intérprete.
- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exixencias do repertorio traballado.
- Desenvolver a lectura a vista, cón fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ó curso
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio sinfónico universal.
- Adquirir un hábito de estudo individual previo á clase que permita un aproveitamento efectivo do tempo lectivo.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.

Banda 3º Curso

Obxectivos

- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exixencias do repertorio traballado.
- Desenvolver a lectura a vista, cón fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio sinfónico universal.
- Coñecer os diferentes estilos e os conseguintes criterios interpretativos de cada un deles.
- Desenvolver un criterio musical que lle permita valorar as súas propias interpretacións e as dos demais.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.



Banda 4º Curso

Obxectivos

- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Adquirir o nivel de relaxamento que lle permita coñecer e controlar o seu propio corpo durante as audicións e concertos coa banda.
- Desenvolver a lectura a vista, cón fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio Bandístico universal.
- Coñecer os diferentes estilos e os conseguíntes criterios interpretativos de cada un deles.
- Desenvolver un criterio musical que lle permita valorar as súas propias interpretacións e as dos demais.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.

Banda 5º Curso

Obxectivos

- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Manexar correctamente as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir o nivel de relaxamento que lle permita coñecer e controlar o seu propio corpo durante as audicións e concertos coa banda.
- Desenvolver a lectura a vista, cón fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio sinfónico universal.
- Chegar a un nivel de autoavaliación que permita ao alumno corrixirse e perfeccionarse nas cuestións técnicas e interpretativas da obra.
- Chegar a un nivel profesional de empaste e conexión co grupo.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.



Banda 6º Curso

Obxectivos

- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Manexar correctamente as indicacións máis comúns de dinámica, agóxica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir o nivel de relaxamento que lle permita coñecer e controlar o seu propio corpo durante as audicións e concertos coa banda.
- Desenvolver a lectura a vista, co fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio sinfónico universal.
- Chegar a un nivel de autoavaliación que permita ao alumno corrixirse e perfeccionarse nas cuestións técnicas e interpretativas da obra.
- Chegar a un nivel profesional de empaste e conexión co grupo.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.

Contidos:

Conceptuais:

Afinación. Empaste. Precisión rítmica e control do pulso. Relaxación. Articulación. Fraseo. Dinámica e Agóxica. Práctica de banda. Repentización. Técnica Instrumental. O estudo da música como formación profesional. Análise e interpretación de obras do repertorio bandal de diferentes épocas e estilos. Importancia da afinación previa do “LA” do óboe. Reacción e comprensión ante os diferentes xestos do Mestre. A anacrusa. O concepto de estilo e a súa aplicación á interpretación. O son dunha banda non é a suma dos sons individuais. A técnica instrumental ao servizo da música.

Procedimentais:

Quecemento e afinación. Experimentación con as posibilidades sonoras do propio instrumento. Coordinación de todos os conceptos anteriores para aplicarlos á obra musical. Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación. Adestramento do oído harmónico. Actuacións en público no Conservatorio e en salas de concerto externas. Desenrolo da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade sonora e da cor do conxunto. Práctica da lectura a primeira vista. A anacrusa como movemento básico da práctica bandístico. Desenrolo da igualdade dos golpes de arco. Desenvolvemento da igualdade dos ataques. Traballo gradual do repertorio instrumental. Traballo por seccións. Crítica i elección de versións. Traballo da tímbrica e o empaste. Utilización de distintos recursos técnicos para conseguir distintos efectos no mesmo fragmento. Respeto ao traballo de equipo. Desenvolvemento da capacidade auditiva para permitir o autocontrol permanente da afinación dentro do conxunto.



Ensaiois parciais e seccionais. Audición semanal de repertorio. Lectura de obras paralelamente ao traballo do repertorio a concertar. Traballo da normativa habitual da tarefa bandística: indicacións do Mestre e do Concertmaster. O “LA” do óboe. Regras básicas de escena. O silencio como marco imprescindible para o traballo bandística. O traballo de ensemble. Os planos sonoros e o seu adecuado balance.

Actitudinais:

O traballo en equipo. Atención e aplicación habitual das indicacións do Maestro. Respeto para con os compañeiros e para con o Maestro. Responsabilidade do seu estudo persoal e coidado do material. A asistencia a clase con puntualidade. Disfrute do repertorio sinfónico. Recoñecemento do silencio como medio imprescindible para o feito musical. Curiosidade por adquirir a maior información posíbel. Participación positiva e con prontitude en todas as actividades da banda. Relaxación activa. Actitude autocrítica que desenrole un criterio escrupuloso da valoración musical. Adquisición progresiva de seguridade persoal no exercicio da práctica orquestral. Adquisición de hábitos de conducta propios da actividade bandal. Participación na elección de programas e plantexamentos do conxunto. Adaptación do instrumentista ó empaste e cor do grupo.

ACTIVIDADES

Está prevista a realización de dúas audicións públicas no auditorio do centro ao longo do curso. Asemade contemplase a posibilidade de trasladar estes dous programas de concerto ás salas externas que así o demanden, respetando en todo o momento o criterio de interese pedagóxico para o alumnado que conforma cada unha das agrupacións bandais deseñadas pola Xefatura de Estudos e os especialistas do centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Afinar individualmente todas as obras traballadas. Preténdese valorar o grao de control sobre a propia afinación por parte do alumno.
- Interpretar correctamente, individual ou colectivamente, todas as obras traballadas. Con este criterio preténdese valorar a capacidade de concentración do alumno para poder realizar a súa parte dunha forma integrada dentro do contexto musical do grupo e o seu coñecemento real da obra.
- Realizar as indicacións de dinámica, agónica, tempo, carácter, etc. Preténdese así valorar o coñecemento práctico da terminoloxía musical e a súa aplicación na partitura.
- Estudar as obras a traballar de forma individual e antes da clase. Con este criterio preténdese avaliar o grao de responsabilidade e eficacia no aproveitamento do tempo.
- Ser puntual na asistencia a os ensaios ordinarios, extraordinarios e actuacións en público. Preténdese valorar a concienciación previa a calquera actividade musical e o respecto aos compañeiros.



- Gardar silencio durante os ensaios e audicións. Preténdese valorar o grao de concentración interior necesario para calquera feito musical, a capacidade de escoitar as outras partes e o respecto ao traballo que se está realizando.
- Prestar atención a todas as indicacións do mestre. Preténdese avaliar o grao de interese do alumno pola materia e pola música.
- Axudar aos compañeiros na súa integración no grupo. Preténdese avaliar o grao de implicación do alumno có grupo e a súa colaboración para solucionar problemas tanto técnicos como organizativos.
- Asistir a clase co material adecuado e en bo estado. Preténdese avaliar o grao de compromiso coa materia e a súa responsabilidade no traballo.
- Controlar o corpo a través da relaxación. Preténdese valorar o grao de relaxación activa que pode conseguir o alumno para evitar a tensión que poida provocar o esforzo físico de tocar e o medo escénico.
- Ler a primeira vista a súa parte das obras indicadas polo Maestro. Preténdese valorar o grao de autonomía na montaxe das obras por parte do alumno.
- Manexar a técnica instrumental coa naturalidade e o nivel propio do seu curso. Preténdese valorar o interese do alumno por adquirir a técnica propia que lle permita enfrontarse ás obras programadas.
- Xulgar a actuación propia e allea. Preténdese avaliar a capacidade crítica do alumno en base a parámetros técnicos e estéticos.
- Corrixir a afinación durante a interpretación das obras. Preténdese avaliar o desenvolvemento do oído harmónico.
- Repentizar obras de dificultade acorde ao nivel instrumental. Preténdese comprobar a integración rítmica no conxunto seguindo o pulso do mestre, a precisión e celeridade para reaccionar a os estímulos do xesto, o dominio do instrumento e a calidade da afinación na lectura a vista.
- Demostrar unha actitude participativa, flexible e disciplinada. Preténdese valorar a capacidade do alumno para formar parte dun grupo de forma activa, sendo capaz de aportar ideas e á vez de levar a cabo as dos demais, dentro dun ambiente de traballo e cun obxectivo de perfeccionamento permanente.
- Realizar concertos co repertorio seleccionado para estudo e ensaio no conservatorio ou en salas de concerto alleas. Valorarase o grao de control da situación, o dominio das intervencións bandais a realizar, a correcta actitude en escena e o grado de integración no conxunto.

ALUMNADO CON DISCAPACIDADE.

No decreto 198-2007 de 27 de setembro (DOGA do 25 de outubro de 2007), na implementación da LOE (Título II Equidade na Educación, Capítulo I, Alumnado con necesidade específica de apoio educativo), referido ao alumnado con discapacidade di:

“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con



discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a cada curso.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO POLA PERDA DA AVALIACIÓN CONTÍNUA

O número de faltas no curso que provocan a perda de avaliación continua (xustificadas e sen xustificar) será de 9 (ver anexo 1). O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño. O profesor realizará un exame e o repertorio esixido quedará ao criterio do mesmo profesor de acordo coa programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de Xuño.

Na proba de xuño terase en conta dúas posibilidades:

a) Para os alumnos asistiron e desenvolveron ao longo do curso gran parte do traballo do mesmo, ese traballo, así como a asistencia e o interese amosado, poderá representar entre o 20 e 40% da cualificación total. O porcentaxe restante da cualificación corresponderá, a realización da proba cun protocolo igual que o de setembro.

B) No caso dos alumnos que non asistiron durante o curso, ou a súa asistencia e traballo non sexa significativa, terase en conta única e exclusivamente, a realización da proba tal como está contemplada na proba extraordinaria de setembro.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.

Na convocatoria extraordinaria de setembro terase en conta, única e exclusivamente, a realización da proba tal como está contemplada na programación vixente.

Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non supere a materia de Banda en xuño, poderá presentarse ás probas extraordinarias que terán lugar nos primeiros días do mes de setembro.

O profesor da materia poderá indicar no Informe de Materia Non Superada que se entrega no mes de Xuño, algún aspecto particular a presentar en devandita proba, ademais dos especificado en xeral a continuación na proba de setembro para superar o curso.

1.- Programa de concerto:

O alumno presentará un programa de concerto de duración non inferior a 20 minutos de música, escollido de entre o repertorio traballado na materia de banda pola agrupación instrumental correspondente ao longo do presente curso escolar.

Dito programa de concerto terá que ser presentado ao profesor correspondente da materia con 5 días de antelación a data de exame. O documento con devandito programa deberá entrar por rexistro da Secretaría do Conservatorio no prazo sinalado.



O alumno que se examina deberá interpretar a parte correspondente ao xefe de sección.

2.- Lectura a primeira vista:

O alumno disporá de 5 minutos para ler e analizar fragmentos bandais non necesariamente correspondente ao repertorio de Banda do curso escolar. Durante este período de lectura, o alumno poderá dixitar pero non tocar. Posteriormente executará individualmente os fragmentos.

3.- Exame de coñecementos teóricos:

O alumno contestará de forma oral ou escrita a un conxunto de cuestións sobre o repertorio traballado na materia de banda no curso escolar (compositores, historia, forma, entorno estético da composición, etc.)

PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL (EXCEPTO 1º)

Este modelo de proba é o mesmo para tódolos aspirantes, independentemente do curso ó que se presenten. Constará de tres probas:

1.- Programa de concerto:

O alumno presentará un programa de concerto de duración non inferior a 20 minutos de música e adaptado ó nivel do curso ó cal se presenta (ver programación). Non é necesario que o alumno aporte o grupo pero valorarase que o faga. Dito programa de concerto terá que ser presentado ó tribunal correspondente con 5 días de antelación á data de exame. O documento co devandito programa deberá entrar por rexistro da Secretaría do Conservatorio no prazo sinalado. O alumno que se examina deberá interpretar a parte correspondente ao xefe de sección.

2.- Lectura a primeira vista:

O alumno disporá de 5 minutos para ler e analizar fragmentos bandísticos. Durante este período de lectura, o alumno poderá dixitar pero non tocar. Posteriormente executará ditos fragmentos.

3.- Exame de coñecementos teóricos:

O alumno contestará de forma oral ou escrita a un conxunto de cuestións sobre o repertorio bandístico (compositores, obras, estilos, etc.).



ANEXO I

FALTAS DE ASISTENCIA

Establécense dous tipos de faltas:

1. Xustificadas
2. Sen xustificar.

O profesor titor (profesor de instrumento) será o responsable de controlar as faltas (admitindo ou non a súa xustificación), supervisado pola xefatura de estudos.

Faltas Xustificadas			Faltas sen Xustificar		
	Por Trimestre	Total Curso		Por Trimestre	Total Curso
Materias de 1 sesión semanal	3	9	Materias de 1 sesión semanal	2	6

* Non se poderá superar o número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa non trimestre, ou non total do curso.